

A photograph showing the back of a person's head and shoulders. They are holding an open book and looking down at it. In the background, there are shelves filled with books, creating a blurred library atmosphere.

# **encontros** plan de mellora de BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA 2021|2022

## dossier de relatoras e relatores

**encontros**  
**plan de mellora de**  
**BIBLIOTECAS**  
**ESCOLARES**  
**DE GALICIA**  
2021|2022

24.marzo

**CRISTINA NOVOA FERNÁNDEZ**

*Biblioteca escolar, centro creativo das aprendizaxes*

12.45h

Cristina Novoa Fernández é mestra. Traballou para o ensino público 41 anos dos cales, os primeiros 24 anos foi de traballo directo en centros de educación primaria. Ten experiencia en xestión e dinamización de bibliotecas escolares, en cargos directivos de centros docentes, na formación do profesorado en temas relacionados coas bibliotecas escolares, a comprensión lectora, o fomento da lectura, a alfabetización informacional, a organización dos centros e o tratamento dos contidos transversais. Foi coordinadora da Asesoría de Bibliotecas Escolares, en comisión de servicios, na Consellería de Educación dende a creación da mesma en setembro de 2003 ate decembro de 2020, data de xubilación.

Na actualidade, continúa a súa colaboración esporádica coa Rede de formación do profesorado de Galicia e doutras CCAA, así como outras entidades educativas e culturais de fóra de Galicia. Segue colaborando co programa de bibliotecas escolares e fomento da lectura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de forma puntual.

Cristina Novoa ten publicados numerosos textos de carácter didáctico, guías didácticas, artigos sobre literatura infantil e xuvenil en revistas especializadas, sobre a xestión e dinamización das bibliotecas escolares, sobre lectura no contexto escolar...

Deseñou e coordinou a elaboración de materiais para o programa "Hora de ler" da Consellería de Educación.

24.marzo

**LUIS MIGUEL CENCERRADO**

*Cinco verbos clave para conformar a colección da biblioteca escolar hoxe*

19.00h

É Graduado en Información e Documentación, Diplomado en Biblioteconomía e Documentación e Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica pola Universidade de Salamanca. Premio de Grao de Diplomado de Salamanca en 1997.

Dende 1995 a 2013 coordinou o Centro de Documentación e Investigación de Literatura Infantil y Xuvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez de Salamanca. No CILIJ exerceu tamén de coordinador dos Observatorios de Lectura e Selección de Materias de Lectura para nenos e xoves. De 2001 a 2008 imparti docencia na Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación da Facultade de Tradución e Documentación da Universidade de Salamanca como Profesor Asociado.

Anteriormente traballou doce años na Biblioteca Municipal de Salamanca como Encargado de Actividades Culturais, con especial dedicación aos servizos de lectura infantil.

Tamén prestou servizos de forma temporal na Biblioteca Municipal de Vistahermosa (abril-outubro 2016) e na Biblioteca de Ciencias da Saúde da Universidade de Valladolid (novembro 2017-maio 2020).

Na actualidade desempeña labores de asesoría, consultoría e formación en relación coas bibliotecas infantiles e escolares, a promoción da lectura e a crítica e selección de materiais de lectura para nenos e mozos. Durante o presente curso imparte docencia da asignatura "Marketing dixital" no Grao Superior de Marketing e Publicidade do IES Claudio Moyano de Zamora.

25.marzo

**JOSÉ PABLO GALLO LEÓN**

*Presente e futuro das bibliotecas*

10.30h

Doutor en Comunicación e Documentación pola Universidade de Murcia, Máster de Xestión e Dirección de Bibliotecas pola Universitat de Barcelona, licenciado en Xeografía e Historia (Especialidade Historia da Arte) y Magíster en Biblioteconomía pola Universidade Complutense de Madrid.

Foi director da Biblioteca Rexional de Murcia e da Biblioteca da Universidade Miguel Hernández. Actualmente exerce como director da Biblioteca de Educación da Universidade de Alicante e como profesor asociado na FIMA da Universitat de Barcelona.

O seu campo de investigación oriéntase deixa os servizos nas bibliotecas, o seu futuro e a arquitectura bibliotecaria, contando cunhas trinta publicacións sobre estes temas.

Participou e coordinou grupos de traballo de Rebiun e do Consello de Cooperación Bibliotecaria (CCB), sendo o máis recente o *Grupo estratégico para el estudio de prospectiva sobre la biblioteca*.

25.marzo

ALICIA REY LANASPA

*A biblioteca escolar, axente TRANSformador para a educación do século XXI*

15.50h

Licenciada en Filoloxía Hispánica, Diplomada en Biblioteconomía e Documentación, Directora de proxectos da empresa Info-doc Xestión da información. É responsable da coordinación das bibliotecas municipais de Huesca dende onde lidera proxectos de Alfabetización informacional e dixital co programa Educar para crear conocimiento, impartindo formación tanto a escolares de Primaria, Secundaria e Bacharelato como a profesorado sobre a implementación da competencia dixital curricular.

**Publicacións:**

- Un itinerario de inclusión digital, Actas I Congreso Internacional de Comunicación y Educación (Barcelona, Universidad Autónoma, maio 2011)
- La formación de usuarios. V Jornadas aragonesas de bibliotecas escolares (Ballobar, Gobierno de Aragón, abril 2011)
- Digital Inclusión in Public libraries. Actas del congreso Information Literacy Congres, (Estambul, 2013)
- El Plan de Inclusión digital. Bibliotecas municipales de Huesca. Actas del VIII Congreso Nacional de Bibliotecas públicas. Badajoz (MECD, Madrid, 2015)
- Financiación europea en las bibliotecas Municipales de Huesca. Actas del IX Congreso Nacional de Bibliotecas públicas. Logroño (MECD, Madrid, 2019)
- Educar para crear conocimiento. En Mi biblioteca: La revista del mundo bibliotecario, ISSN 1699-3411, nº 62, Madrid, Fundación Alonso Quijano. 2020.
- Alianzas estratégicas para la innovación, participación y financiación. Actas del X Congreso Nacional de Bibliotecas públicas, Las Palmas de Gran Canaria. MECD, Madrid, 2021

25.marzo

LUCAS RAMADA PRIETO

*Xogar importa: A ficción dixital na educación cultural da infancia e a adolescencia*

16.15h

Lucas Ramada Prieto é investigador e Doutor Internacional especializado en estética da ficción dixital infantil e xuvenil e a súa relación coa educación artística e literaria dos nenos, nenas e xoves. Dedícase principalmente á formación de docentes, bibliotecarias e mediadoras culturais para integrar esta forma de arte dentro das súas prácticas profesionais, ademais de divulgar o seu coñecemento na primeira canle de Instagram en español dedicado a este tema: Esto No va de Libros.

É coordinador de *Ficción En Joc*, o programa de mediación con ficción dixital infantil do servizo de bibliotecas públicas da Diputació de Barcelona, membro colaborador do grupo de investigación GRETEL da Universitat Autònoma de Barcelona, foi xurado do premio de cultura dixital da Feria del Libro de Bolonia (2020) e traballou con múltiples institucións internacionais e de renombre como o CERLALC-UNESCO, a Electronic Literature Organization, o laboratorio Emilia, a Secretaría de Cultura de Mexico ou o Centre de Cultura Contemporánea de Barcelona.

É co-autor, xunto a Teresa Colomer, Mireia Manresa e Lara Reyes Lopez de *Narrativas Literarias en Educación Infantil y Primaria* (Editorial Síntesis).

25.marzo

ANA GONZÁLEZ LARTITEGUI

*Pensar por si mesmo. O fomento do saber e as edicións de non-ficción ante os desafíos do século*

17.45h

Ana G. Lartitegui ilustra libros para nenos dende o ano 1989. A súa obra *La carta de la señora González* (escrita por Sergio Lairla) foi Premio Mejor Libro en la FILIJ de México (ano 2000) e Mención Libro Entrañable no Banco del Libro de Caracas (ano 2020), Libro Altamente Recomendado polo Comité Fundalectura (Colombia) no mesmo ano e Libro Recomendado nos Premios Cuatro Gatos (Florida, USA) (ano 2021).

Polas ilustracións de *El libro de la suerte* recibiu o Premio Euskadi de Ilustración 2015, Finalista nos Premios Cuatro Gatos 2015 e premio ao Mejor Libro Juvenil 2016, no Banco del Libro.

Dinamiza actividades de promoción do libro, a lectura e a formación de mediadores LIJ dende Pantalia Proyectos Culturales. Escribe artigos e investiga sobre ilustración e libro álbum. Coordina o grupo de estudio Círculo Héxagono. Dirixe as edicións de divulgación e ensaio de Pantalia Publicaciones. Xefa de redacción da edición española da revista-observatorio sobre literaturas gráficas *Fuera [de] Margen* (2012-2019). Dende 2009 é profesora no Máster Propio de UNIZAR "Lecturas, Libros y Lectores Infantiles y Juveniles" onde actualmente se ocupa da Unidade "El libro de no-ficción".

25.marzo

**MANUEL GAGO MARIÑO**

*As palabras que agochan historias*

19.00h

Manuel Gago Mariño (Palmeira, Ribeira, 1976) é Doutor en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade, é director de culturagalega.gal, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor asociado na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

É editor de Capítulo Cero, un dos blogs referentes da rede en Galicia. Colaborador habitual da Radio Galega, onde o seu último espazo foron as Efeméridas, no Galicia por Diante. Mantén as columnas *Vermello contra o mar* en La Voz de Galicia, e *Seisentidos*, na Táboa Redonda, o suplemento cultural de El Progreso e Diario de Pontevedra.

No ámbito da difusión e investigación no ámbito arqueolóxico, Gago ten participado en numerosos proxectos de arqueoloxía pública. É fundador de patrimoniogalego.net, a rede social do patrimonio cultural de Galicia e membro do colectivo romanarmy.eu, de investigación da presenza do exército romano no NW peninsular. Manuel Gago foi comisario de numerosas exposicións, como *Ao pé do Lar, Galicia 100 Obxectos para contar unha cultura, Alba de Gloria de Castelao. Unha experiencia, ou Galicia, un relato no mundo*.

Como ensaísta e escritor, Gago ten publicado ensaios, libros de relatos e novelas. Como realizador audiovisual, dirixiu o documental *As pedras de San Lourenzo*, co que obtivo o Premio a Mellor Documental no Festival de Cine Arqueolóxico de Castela e León 2017.

